

CIRCULAR 14/2006, DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS, POLA QUE SE DITAN AS INSTRUCIÓNS SOBRE A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS EPA E DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PARA PERSOAS ADULTAS NO CURSO 2006/2007.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ao abeiro do disposto no Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), desenvolve e regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas encamiñadas a conseguir unha maior calidade do ensino e a estimular o traballo en equipo do profesorado e a participación da comunidade educativa nos centros.

Para lograr a adecuación desta oferta educativa á poboación adulta, garantir a óptima consecución dos fins previstos e unificar os criterios de funcionamento nos centros específicos e nos IES con oferta de educación de persoas adultas, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2006/2007:

1.- Ámbito de actuación

Estas instrucións serán de aplicación en todos os institutos e centros EPA da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan educación de persoas adultas.

2.- Calendario

a) De acordo co regulado con carácter xeral na Orde do 5 de maio de 2006 (DOG do 25 de maio), a oferta formativa das ensinanzas de persoas adultas axustarase ao establecido no calendario escolar para as ensinanzas do sistema ordinario ás que son equivalentes e que establezan as respectivas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, na segunda semana do mes de xuño deberá levarse a cabo a avaliación global final do alumnado que estea cursando ensinanzas do módulo IV das ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria. Realizada a avaliación final remitirase a cada delegación provincial toda a documentación: certificacións, proposta de expedición de títulos e outra análoga. O envío dos mencionados documentos realizarase na primeira semana de xullo.

Segundo o establecido na Orde do 23 de marzo de 2004 (DOG do 2 de abril), na segunda quincena do mes de maio e na primeira semana do mes de setembro os centros que impartan ensinanzas do nivel III da educación secundaria para persoas adultas establecerán o calendario de avaliación para as probas extraordinarias correspondentes aos módulos un e tres, e aos dous e catro respectivamente. Realizada a avaliación extraordinaria do módulo catro, remitirase a cada delegación provincial toda a documentación: certificacións, proposta

de expedición de títulos e outra análoga. O envío dos mencionados documentos realizarase no mesmo mes no que se realice a proba.

c) Na educación secundaria para persoas adultas, a impartición e a avaliación ordinaria das ensinanzas correspondentes aos módulos un e tres de cada ámbito de coñecemento levaranse a efecto desde a cuarta semana de setembro ata a primeira semana de febreiro, ambas as dúas incluídas, e as correspondentes aos módulos dous e catro desde comezos da segunda semana do mes de febreiro ao 30 de xuño.

Excepcionalmente, e con autorización ou do delegado provincial, tras o informe favorable da inspección educativa, os centros que dispoñan de recursos poderán optar por impartir simultaneamente no primeiro e no segundo cuadrimestre os catro módulos de cada ámbito de coñecemento do nivel III. O alumnado que supere os cuartos módulos de cada ámbito de coñecemento no mes de febreiro será proposto para o título de graduado en educación secundaria con anterioridade ao 1 de marzo do ano en que finalizara os estudos, segundo se establece no punto quinto apartado 2 da Orde do 25 de abril de 1997 (DOG do 20 de maio).

d) Antes do 15 de novembro os centros específicos e os IES con oferta educativa de persoas adultas elaborarán e remitirán á delegación que corresponda a programación xeral anual e os proxectos curriculares das diferentes ofertas académicas para persoas adultas.

e) Ao longo do mes de xuño levarase a cabo a avaliación da programación xeral anual. Os resultados e as propostas froito desta avaliación reflectiranse na memoria final de curso, que se remitirá á inspección educativa antes do 10 de xullo.

3.- Ofertas formativas e modalidades

Os centros deberán adaptar a oferta educativa autorizada ás condicións e ás necesidades do alumnado, así como ás características do contorno. Esta oferta educativa poderá abranguer as seguintes ensinanzas:

- Ensinanzas iniciais nivel I e II.
- Alfabetización para inmigrantes ou linguas castelá e galega para inmigrantes, naqueles centros que autorice a delegación provincial correspondente, cando exista unha demanda suficiente.
- Educación secundaria para persoas adultas (nivel III): modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Bacharelato para persoas adultas: modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Programas de garantía social.
- Preparación para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio, tras a autorización da delegación provincial.
- Ensinanzas de carácter non regrado a través das Aulas Mentor.
- Actividades de formación sociocultural.

4.- Profesorado

a) As horas de docencia do profesorado que imparta ensinanzas de adultos serán as mesmas ca as do profesorado do mesmo nivel educativo no sistema ordinario. En todo caso, se se dispón de horario dedicado a actividades complementarias será necesario recoller no horario individual de cada profesor e no xeral do centro o número de horas semanais que se corresponden coas actividades realizadas. Estas estarán dedicadas, entre outras accións, a:

- Realización de accións informativas das ensinanzas de persoas adultas ofertadas.
- Orientación académica e profesional individual do alumnado.
- Reunións de equipos docentes para coordinar as actividades formativas e organización de ensinanzas.
- Programación de ensinanzas.
- Asistencia a sesións de avaliación.
- Asistencia a reunións do claustro dos profesores.
- Organización de recursos didácticos.

b) O profesorado que administre Aulas Mentor terá unha redución horaria de tres horas e media por cada grupo de alumnos activos. O número de alumnos por grupo estará en función do número de prazas da aula e, en todo caso, nunca será superior a dez.

c) O profesorado de educación secundaria dos centros EPA terá que desprazarse, de ser o caso, aos centros penitenciarios para realizar a atención titorial presencial que se estableza en cada centro.

d) As horas de titoría, no centro e en centros penitenciarios, seranlle asignadas a cada profesor polo director ou, de ser o caso, polo xefe de estudos, e figurarán nos horarios individuais e xerais do centro, igual ca os períodos lectivos. Para a asignación de titorías en centros penitenciarios seguiranse os criterios establecidos con carácter xeral para os grupos de ensinanza presencial no propio centro.

e) As restantes horas, ata completar a xornada laboral semanal, poderán realizarse fóra dos centros e dedicaranse á preparación de actividades docentes, ao perfeccionamento persoal, á investigación educativa, á elaboración de materiais didácticos mediante grupos de traballo e á atención dos deberes inherentes á función docente.

f) No caso de que algún profesor de persoas adultas destinado nun IES con oferta educativa de persoas adultas, unha vez asignadas as tarefas lectivas específicas para esta ensinanza non complete a xornada laboral de docencia semanal, o director do centro asignaralle outras actividades lectivas, propias da ensinanza ordinaria, co fin de completar o seu horario persoal semanal.

g) Computaranse como horas lectivas as horas que os órganos unipersoais de goberno dediquen ás tarefas propias dos seus respectivos cargos, en función da dispoñibilidade horaria e de acordo coa normativa vixente.

h) A adscrición funcional do profesorado e a concreción do seu horario non contemplada nesta circular realizarase de acordo coa lexislación vixente que corresponda ao profesorado de primaria ou secundaria, segundo corresponda.

4.1.- Profesorado que imparta docencia en ensinanza secundaria para persoas adultas

a) O profesorado do corpo de mestres procedente dos centros de persoas adultas poderá impartir os dous primeiros módulos de cada ámbito de coñecemento do nivel III das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas cando posúa a habilitación correspondente. No caso de que un profesor ou unha profesora do corpo de mestres non teña a habilitación necesaria para impartir as ensinanzas de secundaria, o director do centro determinará quen impartirá as referidas ensinanzas, para o que se seguirán os criterios establecidos para o profesorado de primaria nos Colexios de Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados.

b) O profesorado do corpo de profesores de ensinanza secundaria poderá impartir todos os módulos dos ámbitos de coñecemento nos que se organizan as ensinanzas de educación secundaria para as persoas adultas conducentes ao título de graduado en educación secundaria, de acordo coa atribución de especialidades que se reflicte no anexo III da Orde do 26 de maio de 1997. Non obstante, para impartir o primeiro e o segundo módulo de cada ámbito de coñecemento terá prioridade o profesorado do corpo de mestres que viña impartindo ensinanzas de adultos.

c) Para a elección de ensinanzas e materias, o profesorado de secundaria destinado nos centros EPA, unha vez establecido o número de horas de docencia que se han de impartir no centro, en virtude do alumnado matriculado e do número de grupos, seguiranse estes criterios e orde de elección:

1. Asegurar que queden atendidas, en primeiro lugar, as clases de educación secundaria para adultos en réxime presencial (nivel III das ensinanzas básicas para persoas adultas).
2. En segundo lugar, adxudicaranse as titorías de educación secundaria a distancia, incluíndo neste apartado as titorías impartidas nos centros penitenciarios (nivel III a distancia).
3. As horas restantes dispoñibles no horario do profesorado, sen adxudicar, dedicaranse á atención das titorías de bacharelato a distancia, por este orde de preferencia: materias comúns, materias de modalidade, materias optativas.
4. Outras ensinanzas que se poidan impartir no centro.

d) O horario do profesorado de primaria e do profesorado de ensino secundario será o establecido para cada corpo na Orde do 1 de setembro de 1987 (DOG do 11 de setembro).

O horario individual de cada profesor, en función das actividades complementarias asignadas individualmente, poderá completarse con calquera das actividades reflectidas no apartado 4.a) desta circular. Os profesores que realicen a función titorial dun grupo completo

de alumnos dedicará unha hora semanal á colaboración coa xefatura de estudos ou co departamento de orientación, se é o caso, para facilitar orientación educativa e socio-laboral, e deberán recoller por escrito todos os asuntos tratados e arquivalos nun libro de actas establecido no centro para o efecto.

Cando na mesma localidade do centro público de educación e promoción de adultos exista profesorado con dispoñibilidade horaria, sempre e cando a especialidade que posúa se corresponda con algunha das atribuídas a un determinado ámbito de coñecemento dos establecidos no anexo III da Orde do 26 de maio de 1997 ou de bacharelato, a delegación provincial poderá dispor que complete o seu horario no centro de adultos.

e) Os profesores que vaian impartir por primeira vez ensinanzas de persoas adultas en centros autorizados a ofertar as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas deberán asistir ás actividades de formación que se establezan para o efecto.

5.- Matrícula

Con carácter xeral, poderán cursar ensinanzas de persoas adultas as persoas maiores de 18 anos. Non se procederá á matriculación nas ensinanzas relacionadas no apartado 3 as persoas nadas en data posterior ao 31 de decembro de 1988, agás as que cumpran algunha das excepcións contempladas no apartado 5.2 desta circular.

Durante o período de matrícula, as persoas solicitantes que acudan por primeira vez ao centro deberán ser informadas, polos medios que se consideren adecuados, das características destas ensinanzas, así como das posibilidades que ofrece o centro para seguilas e da oferta educativa dirixida á poboación adulta e, en xeral, de canto se considere de interese.

No caso de que o número de alumnos solicitantes inscritos supere as prazas ofertadas polo centro, para a admisión de alumnos actuarase conforme o establecido na normativa vixente para as ensinanzas de carácter xeral equivalentes.

5.1.- Datas e prazos de matrícula

a) Ensinanzas iniciais (niveis I e II)

O día 1 de setembro procederase a abrir o prazo de matriculación de ensinanzas de persoas adultas de nivel I e II, que permanecerá aberto durante todo o curso.

b) Ensinanzas de educación secundaria (nivel III)

As datas de inscrición para acceder aos módulos das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas serán:

- . Ata o 20 de setembro de 2006 para o primeiro cuadrimestre.
- . Ata o 15 de xaneiro do 2007 para o segundo cuadrimestre.

5.2.- Excepcións

Educación secundaria para persoas adultas (nivel III)

Poderá matricularse na educación secundaria de persoas adultas con carácter excepcional:

- O alumnado menor de 18 anos que acredite ter cursadas ensinanzas de persoas adultas no ano académico 2005/2006.
- O alumnado que acredite ter cursado un programa de garantía social e, no caso de estalo cursando, cando a compatibilidade horaria o permita.
- O alumnado menor de 18 anos que non poida seguir escolarizado en centros de educación secundaria de réxime ordinario, pola aplicación do disposto na Orde do 30 de setembro de 2004 sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1318/2004, do 28 de maio (DOG 22 de outubro).
- A delegación provincial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria de adultos a aqueles alumnos que necesiten estar escolarizados para a realización dun contrato de traballo de formación ou por necesidades específicas que lle impidan asistir con regularidade á oferta ordinaria.

5.3.- Proba de avaliación inicial

Durante os días 20, 21 e 22 de setembro de 2006 e os días 15, 16 e 17 de xaneiro de 2007, para o alumnado procedente de sistemas educativos que non acredite estudos, e baixo a supervisión da inspección educativa, realizaranse nos centros as probas de avaliación inicial que posibilitarán o acceso aos diferentes módulos de cada ámbito de coñecemento e permitirán a adscrición adecuada e personalizada de cada alumno aos distintos módulos. Unha vez finalizado o prazo de matrícula, con carácter excepcional e sempre que existan prazas no centro, poderá admitirse a matrícula de alumnos no nivel III. Neste caso, se procedera a realización da avaliación inicial, o xefe de estudos, de acordo co equipo de profesores que corresponda, baixo a supervisión da inspección educativa, establecerá a data ou datas para a realización da avaliación inicial.

A avaliación inicial do alumno poderá realizarse utilizando recursos orais e escritos adaptados para valorar o seu nivel de coñecementos e as súas destrezas, segundo se estableza no plan de centro. Dentro deste proceso de valoración, a entrevista desempeña un papel fundamental como complemento de calquera outro recurso. Desde o punto de vista metodolóxico, as probas escritas propostas para a avaliación inicial poden tanto estar integradas nun documento global de avaliación como planificadas de maneira independente unhas das outras. En todo caso, a través da avaliación inicial debe facerse posible, para cada alumno, a adscrición máis adecuada aos diferentes módulos.

As probas que forman parte da valoración inicial do alumnado deberán medir as capacidades adquiridas polas persoas adultas e ter en conta o tipo de contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais). Estas probas serán elaboradas polo equipo de profesores encargado de impartir as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas, a través dos correspondentes departamentos didácticos e coa colaboración do departamento de orientación.

Para realizar a avaliación inicial, en cada centro débese constituír unha comisión de avaliación que estará composta polo director do centro e ata un máximo de catro profesores dos que vaian impartir as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas no centro. Dos membros da comisión, o máis novo no centro actuará como secretario.

De todas as probas de avaliación inicial que se realicen no centro levantarase acta na que se incluírán todos os alumnos e as alumnas que se presenten acreditando a suficiencia dos módulos que teñan superados. Estas actas deberán asinalas todos os membros da comisión de avaliación, coa supervisión do xefe de estudos responsable destas ensinanzas e o visto e prace do inspector ou a inspectora do centro.

5.4.- Condicións de matrícula

O alumnado que solicite por primeira vez matricularse en educación secundaria de persoas adultas deberá acreditar non estar escolarizado nestas ensinanzas noutro centro, para o que deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Libro de escolaridade pechado.
- b) Declaración de non estar escolarizado nas mesmas ensinanzas noutro centro.

O alumnado matriculado na educación secundaria de persoas adultas (nivel III) se cambia de centro deberá acreditar, no novo centro, a procedencia do centro de orixe para facilitar o traslado do expediente académico e o libro de escolaridade.

O alumnado escolarizado en ensinanzas de persoas adultas deberá informar a dirección do centro, coa suficiente antelación, da previsión de cursar as opcións A ou B do IV módulo que vai realizar, para facilitar a planificación das actividades do centro.

O Alumnado procedente da ESO, para matricularse nas ensinanzas de adultos, no caso de ter unha ou dúas materias sen superar dun curso, poderá optar por:

- a) Matricularse do curso completo, neste caso tería que matricularse en todos os ámbitos do módulo ao que é equivalente o curso realizado.
- b) Matricularse por ámbito ou ámbitos das ensinanzas de adultos. Para este caso consideráranse superados o ámbito ou ámbitos que non teñan correspondencia coas materias non superadas e podería matricularse nos ámbitos do módulo seguinte ao que é equivalente o curso realizado. Así mesmo deberá cursar o ámbito ou ámbitos completos do módulo no que estea incluída algunha materia sen superar segundo a correspondencia establecida no anexo III.

O alumnado acollido á excepcionalidade do punto 2, apartado c, parágrafo segundo, de non obter avaliación positiva nalgún ámbito, no segundo cuatrimestre poderá cursar os ámbitos non superados para examinarse na convocatoria extraordinaria do mes de maio e condicionalmente matricularse dos ámbitos seguintes, sempre que se siga escolarizado no mesmo centro. No caso de realizar cambio de centro non se poderá matricular dun ámbito se non se ten o anterior superado.

Os módulos I, II, III ou IV de cada ámbito do nivel III avaliados positivamente ou promovidos con avaliación negativa quedan superados, polo que non é necesario volver a cursalos.

Ao formalizaren a matrícula, os alumnos e as alumnas que teñan que cursar os módulos optativos (A ou B) dos módulos IV deberán reflectir no impreso as denominacións destes, aínda que os citados módulos non se vaian impartir ata o segundo cuadrimestre do 2006/2007. No caso de que algún alumno quixera cursar algún ou algúns diferentes aos elixidos ao formalizar a matrícula, só poderá cambiar a súa opción se existen prazas vacantes e iso non vaia supoñer que deixen de impartirse os elixidos en primeiro lugar por non reunir estes o mínimo de alumnos.

5.5.- Perda do dereito de avaliación continua

A falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de asistencia á clase e de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nun ámbito, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar a un determinado ámbito supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas de asistencia xustificadas supere o 20% do horario establecido.
- En todos os ámbitos, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido para todos os ámbitos, áreas ou materias.

6. Bacharelato para persoas adultas, modalidade presencial.

6.1. Horario

1. As ensinanzas do bacharelato presencial para persoas adultas impartiranse, con carácter xeral, entre as dezoito horas e as vinte e tres horas, de luns a venres. Dentro deste período de horario máximo, o centro establecerá o seu propio horario lectivo e os posibles períodos de descanso, atendendo, na medida do posible, as necesidades específicas do alumnado e as posibilidades e servizos do entorno no que se sitúa o centro.
2. Dentro do horario establecido, impartiranse como máximo cinco períodos lectivos diarios.
3. Para favorecer a conciliación da vida laboral coa vida familiar e racionalizar na medida do posible o horario do alumnado e do profesorado, o centro poderá concentrar como máximo na mesma xornada lectiva dous períodos lectivos da mesma materia.

6.2. Organización xeral.

1. O bacharelato de adultos presencial impartirase en tres bloques de materias, cada un deles nun curso escolar. A distribución das materias nas diferentes modalidades de bacharelato é a que figura como anexos 4 a 7 desta circular.
2. Durante o curso escolar 2006-2007, as ensinanzas do bacharelato presencial de adultos, nos institutos que as teñen autorizadas, organizaranse do seguinte xeito:

- a) Impartirase o primeiro bloque de materias. Os alumnos de nova matriculación que accedan ao primeiro curso de bacharelato de adultos presencial matricularanse do bloque primeiro completo ou de materias illadas correspondentes a el.
- b) Os alumnos que cursaron no ano escolar 2005-2006 ou anteriores ensinanzas de bacharelato de adultos presencial e poidan acceder ao segundo curso, matricularanse no segundo curso de bacharelato. Para iso, os centros autorizados para impartir o bacharelato de adultos impartirán as materias correspondentes ao segundo curso do bacharelato, segundo figuran no Anexo I da orde de 4 de xullo de 2002 pola que se regula a organización académica do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia, DOG do 29 de xullo, e en horario de dezaseis horas a vinte e dúas horas trinta minutos.
- c) A delegación provincial da consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, previo informe da Inspección Educativa, poderá autorizar que se impartan as materias de primeiro curso de bacharelato incluídas no segundo bloque dos establecidos nos anexos 3 a 6 desta circular (Lingua galega e literatura I, Lingua estranxeira I, Relixión/Actividades alternativas) en caso de existir alumnado que, matriculado no centro no ano 2005-2006 no bacharelato para adultos, solicite cursar algunha desas materias. Tamén poderán matricularse das materias citadas neste apartado c aqueles alumnos que cursaron ou estean cursando o terceiro ciclo do grao medio das ensinanzas regradas de música ou danza e desexen matricularse das materias comúns do bacharelato para obter o título de bacharelato en música ou danza.
- d) O alumnado que estivo matriculado no centro no bacharelato de adultos, no curso 2005-2006 e que non pode cursar segundo curso completo por ter máis de dúas materias non superadas ou non cursadas de primeiro, poderá matricularse das seguintes materias:
 - Materias do primeiro bloque que non superou.
 - Materias do segundo bloque pertencentes ao primeiro curso de bacharelato no caso de que o centro estea autorizado para impartilas.
 - Materias de segundo curso, sempre e cando exista compatibilidade horaria. En calquera caso, non poderá superar os trinta e dous períodos lectivos semanais.

6.3. Matrícula.

1. O prazo de inscrición para acceder ás ensinanzas de bacharelato para persoas adultas será ata o 30 de setembro de 2007.
2. Coa finalidade de facilitar a adecuación do itinerario formativo de cada alumno ás súas posibilidades de escolarización, durante o primeiro trimestre do curso o director do centro, en función das posibilidades do mesmo, poderá autorizar a ampliación ou a anulación da matrícula por materias. A tal fin, os alumnos que non sexan de primeira matriculación no réxime de adultos e que desexen cursar materias non incluídas no primeiro bloque deberán matricularse inicialmente só nas materias correspondentes ao primeiro dos bloques. Unha vez coñecidos os horarios poderán ampliar a matrícula co resto das materias, sempre que poidan asistir semanalmente a máis do 65 por cento das horas lectivas das mesmas, agás no caso de materias de dúas sesións semanais que será de máis do 49 por cento.

6.4. Perda do dereito de avaliación continua.

A falta de asistencia reiterada ás actividades lectivas é motivo de perda do dereito de asistencia á clase e de avaliación continua nos seguintes casos:

- Nunha materia, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas de asistencia xustificadas ou sen xustificar a unha materia supere o 20% do horario establecido.
- En todas as materias, cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30% do horario establecido.

6.5. Avaliación

O alumnado con materias non superadas do primeiro curso de bacharelato e que teña a posibilidade de acceder ao título de bacharel na convocatoria ordinaria, realizará a avaliación ordinaria desas materias na segunda quincena do mes de maio.

7.- Matrícula na educación secundaria e no bacharelato de adultos, modalidade semipresencial e a distancia

A matrícula, na educación secundaria e no bacharelato de adultos, modalidades semipresencial e a distancia, regularase por unha circular específica.

8.- Outras ensinanzas de adultos

A matrícula nas restantes ensinanzas de persoas adultas contempladas no apartado 3 rexerase segundo o disposto con carácter xeral na normativa vixente.

9.- Programación xeral anual

a) O equipo directivo dos centros que impartan educación de persoas adultas elaborará durante o mes de setembro a programación xeral anual tendo en conta as propostas do claustro e do consello escolar, tomando como referencia as conclusións da memoria do curso anterior. A programación xeral será remitida á inspección educativa antes do 15 de novembro, e deberase garantir o seu coñecemento polos distintos sectores da comunidade educativa.

Esta programación xeral anual, que deberá considerar as características singulares do seu alumnado e do medio sociocultural do centro, contemplará a súa estrutura, o seu desenvolvemento e a súa avaliación. Así mesmo, someterase trimestralmente a revisión, con obxecto de estudar as modificacións, tanto organizativas como metodolóxicas, que se consideren oportunas.

Unha vez recollidas as conclusións da memoria do curso anterior, a programación xeral anual deberá facer referencia, entre outros, aos seguintes aspectos básicos:

- Obxectivos xerais do centro.
- Obxectivos orientados á normalización lingüística do centro e á galeguización do ensino, de acordo coa lexislación vixente.
- Obxectivos específicos orientados a reconducir deficiencias detectadas.

- Proxectos curriculares das ensinanzas de nivel I e II.
 - Proxecto curricular das ensinanzas de nivel III naqueles centros que impartan estas ensinanzas.
 - Proxecto curricular das ensinanzas de bacharelato naqueles centros que impartan estas ensinanzas.
 - Actividade de formación en Aulas Mentor.
 - Actividades que se realizarán para a súa consecución e temporalización.
 - Plan de acción tutorial.
 - Adscrición do profesorado, agrupamento do alumnado, distribución horaria da actividade escolar e constitución de departamentos didácticos e equipos docentes.
 - Calendario de reunións : consello escolar, claustro, departamentos, consellos de orientación cos titores, equipos por niveis ou ciclos e aquelas outras que se programen.
 - Criterios e instrumentos de avaliación.
 - Programación e calendario de actividades extraescolares e complementarias, sen prexuízo da posibilidade de incluír outras que non se consideren na programación xeral e que, por razóns de urxencia, poderá aprobar o claustro de profesores, dando conta ao consello escolar na seguinte reunión que este celebre.
 - Orzamento.
 - Criterios, procedemento e calendario para a revisión periódica da programación xeral anual.
- b)** Ao finalizar o curso deberá avaliarse o grao de cumprimento da programación xeral anual.

c) Aqueles centros con educación de persoas adultas que impartan ensinanzas a través da modalidade semipresencial e a distancia deberán integralas na programación xeral anual como unha oferta educativa máis, así como a atención de alumnado en centros penitenciarios.

10.- Horario xeral do centro para as ensinanzas de persoas adultas

a) Atendendo ás particularidades do alumnado e do centro, e ao mellor aproveitamento das actividades docentes, o equipo directivo establecerá o horario xeral das ensinanzas de persoas adultas no centro de acordo co establecido nestas instrucións e na normativa vixente.

En relación co anterior, o horario das ensinanzas de persoas adultas nos centros procurará organizarse en sesións de mañá, tarde e noite, segundo a dispoñibilidade de efectivos de persoal e de espazos, dándolle prioridade, en todo caso, á mellor atención ao alumnado.

b) A distribución semanal horaria para as distintas ensinanzas que se impartan no centro será a que se recolle no Anexo I. Os horarios das ensinanzas que non conducen a unha titulación poden modificarse parcialmente previa consulta e autorización da inspección educativa e sempre que existan razóns que o xustifiquen.

c) No caso das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas a distribución semanal horaria será a que se establece con carácter orientativo no anexo II da Orde do 26 de maio de 1997, pola que se regula a ensinanza básica para as persoas adultas e se establece a súa estrutura e o seu currículo. Sen embargo, a delegación provincial, tras o informe do Servizo da Inspección Educativa, poderá autorizar outra distribución semanal dos períodos lectivos, sempre e cando exista unha proposta xustificada do centro para o conxunto das ensinanzas. En todo caso, a redistribución horaria respectará a duración global que para estas ensinanzas se establece na referida orde.

d) A proporción entre profesorado e alumnado para as ensinanzas de educación de adultos (niveis I, II e III) e bacharelato presencial é a establecida con carácter xeral no réxime ordinario equivalente. Non poderán establecerse grupos con menos de 15 alumnos, agás nos cuartos módulos (do nivel III) de cada ámbito de coñecemento que teñen carácter optativo. No caso de que o número de alumnos matriculados nun grupo fose menor de quince en calquera dos niveis I e II e nos módulos (primeiro, segundo ou terceiro) do nivel III, así como no bacharelato, este deberá contar con autorización expresa da Dirección Xeral de e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para poder impartirse.

11.- Memoria de fin de curso

a) Ao longo do mes de xuño, o equipo directivo, tras o informe do claustro de profesores, elaborará unha memoria que recolla o grao de consecución dos obxectivos fixados, as dificultades atopadas e as súas medidas correctoras, de ser o caso.

A devandita memoria, co informe do consello escolar do centro, de ser o caso, enviarase á inspección educativa na segunda semana de xullo e terase en conta á hora de elaborar a programación do curso seguinte, coa finalidade de programar obxectivos non acadados ou só parcialmente acadados no curso anterior e articular novos medios para logralos.

Achegaranse á memoria os textos íntegros dos informes do claustro e do consello escolar, de ser o caso, nos que deberán figurar os votos particulares, se os houber.

Así mesmo, daráselles a coñecer a todos os sectores da comunidade educativa, a través do consello escolar do centro.

Os institutos de educación secundaria que impartan educación de adultos rexeranse polo establecido na Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro).

b) Aspectos orientativos que se deberán considerar na elaboración da memoria:

- . Datos do centro.
- . Avaliación dos obxectivos propostos na PXA:
 - Obxectivos do centro.
 - Análise do rendemento académico.
- . Actividades extraescolares e complementarias.
- . Organización pedagóxica:
 - Distribución do persoal docente.

- Titorías.
- Equipos docentes.
- . Recursos materiais.
- . Valoración de programas especiais.
- . Situación das instalacións e dos equipamentos.
- . Conclusións: incluírase neste apartado unha avaliación dos aspectos que resultaran máis satisfactorios e daqueles que deban ser mellorados no vindeiro curso, facendo constar as propostas de mellora.

12.- Avaliación das ensinanzas básicas de adultos

a) A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumno en todos os ámbitos do seu desenvolvemento.

Estas actividades serán realizadas polo profesor titor correspondente en colaboración co equipo docente.

De acordo cos resultados da avaliación, procederase ao reaxuste da programación, para adaptala á madurez e ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.

Ao longo do proceso de avaliación considerárase:

- . Unha observación inicial.
- . Unha avaliación continua.
- . Unha avaliación final.

b) Na avaliación do alumnado dos centros con educación de persoas adultas terase en conta dunha maneira especial a súa madurez persoal e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos.

c) Para o alumnado que non obteña ao remate do curso a avaliación final positiva poderán establecerse, durante o mes de xuño, probas finais de recuperación globais, que farán referencia aos aspectos básicos das distintas áreas ou materias do currículo non superadas.

d) O alumnado que tras a avaliación final ordinaria teña algún ámbito avaliado con cualificación negativa e sen promover poderá presentarse para realizar a avaliación extraordinaria nos meses de maio e setembro nos seguintes casos:

- O alumnado que durante o primeiro cuadrimestre, de setembro a xaneiro, non supere ou non sexa promovido ao módulo seguinte, así como o que figure como non presentado nas actas da avaliación ordinaria do mes de xaneiro, terá dereito a unha única avaliación extraordinaria na convocatoria do mes de maio ou setembro.
- O alumnado que figure como non presentado ou con algún ámbito sen promocionar nas actas da avaliación ordinaria do mes de xuño terá dereito a unha avaliación extraordinaria na convocatoria de setembro.

e) Unha vez celebradas as correspondentes sesións de avaliación darase información dos resultados ao alumnado.

f) Segundo a normativa vixente, os alumnos ou os seus representantes legais poderán reclamar, perante a dirección do centro, contra as cualificacións finais ou parciais, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

. Inadecuación dos obxectivos e contidos da materia sometida a avaliación e do nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.

. Incorrecta aplicación dos criterios da avaliación establecidos.

No suposto de que se ratifique por parte do centro a cualificación outorgada e o alumno o manifeste expresamente, o director remitirá o expediente á delegación provincial, que, tras o informe da inspección educativa, fará a resolución procedente no prazo de dez días naturais. Contra a resolución do delegado provincial poderá interpoñerse recurso perante o Director Xeral de e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais na forma e nos prazos establecidos na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

13.- Avaliación e promoción do alumnado das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas

a) A avaliación vén regulada nos artigos 16 e 17 da Orde do 26 de maio de 1997 (DOG do 15 de xullo).

b) O expediente académico, o procedemento para cubrir o libro de escolaridade, as actas de avaliación final e os informes de avaliación individualizados correspondentes ao ensino básico para as persoas adultas axustaranse ás instrucións e aos modelos que están publicados na Orde do 15 de abril de 1998 (DOG do 14 de maio), na Orde de corrección de erros do 15 de abril de 1998 (DOG do 4 de xuño) e na Orde do 23 de marzo de 2004 (DOG do 2 de abril).

c) Dada a diferenza de datas nas que durante o curso se van impartir os módulos nos que se organizan os diferentes ámbitos de coñecemento, convén facer algunhas puntualizacións que afectan á avaliación relativa ao alumnado dos distintos módulos:

- Coa finalidade de mellorar o nivel de coñecementos, os alumnos que teñen superado o primeiro ou o terceiro módulo do nivel III da educación secundaria poderán volver a cursar estes módulos no primeiro cuadrimestre, sempre a cando a dispoñibilidade de prazos no centro o permita. En todo caso, os módulos xa superados non poden volver ser avaliados.
- O alumnado que curse durante o primeiro cuadrimestre os módulos primeiro ou terceiro e non se promova ao módulo seguinte, durante o segundo cuadrimestre poderá asistir ás clases de afondamento ou repaso que para cada ámbito de coñecemento estableza o centro. O equipo de profesores decidirá sobre a conveniencia ou non do establecemento destas clases do que dará coñecemento á inspección educativa. Cando se organicen estas clases, o alumnado que asista poderá ser avaliado na data que estableza o centro para a avaliación extraordinaria do mes de maio. No caso de que o resultado da

avaliación fose positivo ou de que o profesorado acordase a promoción ao módulo seguinte sen cualificación positiva, no mes de xuño, o alumno poderá ser avaliado do módulo ao que se promove sempre que asistira con regularidade ás clases correspondentes.

- O alumnado que se matricule condicionalmente dun módulo por ter sen superar o equivalente anterior ten que superar o precedente antes de avaliarse do seguinte.
- No caso de que a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais o permita, os centros educativos dedicarán un período lectivo semanal para repaso e afondamento nos coñecementos de cada ámbito aos que se refiren os apartados anteriores, e deberán agrupar o alumnado en función das súas necesidades e dos seus intereses. Todo iso quedará reflectido no horario do profesorado encargado de levar a cabo o seu desenvolvemento.

14.- Documentación académica e administrativa

Co fin de facilitar os procedementos de seguimento e rexistro dos actos de carácter administrativo, académico e de funcionamento, os centros que oferten educación de persoas adultas deberán dispor e manter debidamente actualizados os datos dos seguintes libros:

- Libro de rexistro de títulos graduado en educación secundaria.
- Libro de rexistro de entrada e saída de correspondencia.
- Libro de actas para os órganos de diferente carácter que existan no centro (claustro, consello escolar, equipos docentes, departamentos, etc.).
- Libro de rexistro de alumnado que realizou a avaliación inicial de acceso á educación secundaria (nivel III).
- Libro de inventario de moblaxe e equipamento didáctico.
- Libros para o desenvolvemento da xestión económica do centro.

15.- Para aqueles aspectos normativos que non estean recollidos nesta circular deberá aterse ao establecido con carácter xeral para o ensino ordinario.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2006
O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Antonio Vázquez Vázquez

Ilmos. Srs. delegados provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

ANEXO I

CADRO DE DISTRIBUCIÓN SEMANAL HORARIA PARA AS ENSEÑANZAS QUE SE IMPARTAN NOS CENTROS ESPECÍFICOS E NOS IES CON ENSEÑANZAS DE PERSOAS ADULTAS (MODALIDADE PRESENCIAL E AULAS MENTOR)

< Ensinanzas iniciais de nivel I	12 períodos lectivos
< Ensinanzas iniciais de nivel II	16 períodos lectivos
< Linguas galega e castelá para inmigrantes.	10 períodos lectivos
< Educación secundaria (nivel III) Modalidade presencial	Entre 19 e 21 períodos lectivos
< Preparación para acceso a ciclos formativos	10 períodos lectivos
< Bacharelato Modalidade presencial	23 períodos lectivos para os que fagan a matrícula do primeiro bloque e 32 períodos lectivos os de segundo curso
< Aulas Mentor	Ata 25 períodos lectivos semanais

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

(Modalidade educativa presencial)

SOLICITUDE DE MATRÍCULA

Centro onde solicita a matrícula	Enderezo do centro (rúa, praza, número)	DATOS DO CENTRO			
Localidade	Provincia				
Número de matrícula	Número de expediente		Código do centro		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DATOS DO/A ALUMNO/A		
Nº de DNI ou pasaporte	NIF	Enderezo: rúa/praza		Nº andar	Letra
Teléfono	Localidade e provincia			Código postal	
Sexo (X)	Data nac.	Lugar de nacemento: localidade		Concello	
<input type="checkbox"/> H <input type="checkbox"/> M					
Realiza a matrícula por 1ª vez no centro	Ámbito no que solicita a matrícula	Módulo	Opción para o 4º módulo*		DATOS ACADÉMICOS
S <input type="checkbox"/> N <input type="checkbox"/>	Comunicación	1 2 3 4	A	B	
Realizou a avaliación inicial	Tecnolóxico-matemático	1 2 3 4	A	B	
S <input type="checkbox"/> N <input type="checkbox"/>	Natureza	1 2 3 4	A	B	
	Sociedade	1 2 3 4	A	B	
(X) Documentación que se acompaña	Idioma solicitado	<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Francés		
	Fotocopia do DNI ou pasaporte				
	Certificación de contrato de traballo				
	Certificación académica oficial				
	Declaración de non estar matriculado en ensinanzas equivalentes noutro centro				
	Titulación				
	Outra:				

Quedo informado/a que esta inscrición está condicionada á comprobación dos datos, e responsabilizome da súa veracidade.

..... de de 2006

Sinatura

Selo do centro

- Rodear cun círculo a opción que proceda.

ANEXO III

Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións, das materias de educación secundaria obrigatoria cos módulos correspondentes da educación secundaria para persoas adultas.

Educación secundaria obrigatoria	Educación secundaria para persoas adultas
Áreas ou materias	Denominación do ámbito de coñecemento
Lingua galega e literatura Lingua castelá e literatura Lingua estranxeira	Comunicación
Tecnoloxía Matemáticas	Tecnolóxico-matemático
Ciencias da natureza/ Bioloxía e xeoloxía/ Física e química	Natureza
Ciencias sociais, xeografía e historia Educación Plástica e visual Música	Sociedade

ANEXO IV

DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES

MODALIDADE DE ARTES

		BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3		
MATERIAS COMÚNS		Lengua castellana e literatura I	Lingua galega e literatura I	Lingua galega e literatura 2		
		Filosofía I	Lengua castellana e literatura II	Historia		
		Educación Física	Lingua estranxeira I	Filosofía II		
			Relixión/Actividades alternativas	Lingua estranxeira II		
MATERIAS DE MODALIDADE	de 1º	Debuxo Artístico I				
		Volume				
		Debuxo Técnico I				
	De 2º					
				Imaxe/Fundamentos deseño/Tecn. expresión gráfico-plástica/ Debuxo Técnico II	Debuxo artístico II	
					Historia da Arte	
MATERIAS OPTATIVAS		Materia optativa de 1º	Materia optativa de 2º			
		23 períodos lectivos	19 períodos lectivos	21 períodos lectivos		

ANEXO V

DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES

MODALIDADE DE CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE

		BLOQUE 1	BLOQUE 2		BLOQUE 3	
MATERIAS COMÚNS		Lengua castellana e literatura I	Lingua galega e literatura I		Lingua galega e literatura 2	
		Filosofía I	Lengua castellana e literatura II		Historia	
		Educación Física	Lingua estranxeira I		Filosofía II	
			Relixión/Actividades alternativas		Lingua estranxeira II	
MATERIAS DE MODALIDADE	de 1º	Matemáticas I				
		Física e química				
		Bioloxía e Xeoloxía/ Debuxo T. I				
	De 2º		OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN A	OPCIÓN B
			Química/Debuxo Técnico II	Ciencias da Terra e do medio amb.	Matemáticas II	Bioloxía
					Física	Química
MATERIAS OPTATIVAS		Materia optativa de 1º	Materia optativa de 2º			
		23 períodos lectivos	19 períodos lectivos		21 períodos lectivos	

ANEXO VI

DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES

MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

		BLOQUE 1		BLOQUE 2		BLOQUE 3	
MATERIAS COMÚNS		Lengua castellana e literatura I		Lingua galega e literatura I		Lingua galega e literatura 2	
		Filosofía I		Lengua castellana e literatura II		Historia	
		Educación Física		Lingua estranxeira I		Filosofía II	
				Relixión/Actividades alternativas		Lingua estranxeira II	
MATERIAS DE MODALIDADE	de 1º	Historia do mundo contemporáneo					
		OPCIÓN A	OPCIÓN B				
		Latín I	Economía				
		Grego I	Matemáticas aplicadas I				
	De 2º			OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN A	OPCIÓN B
				Grego II/ Historia da Música	Economía e organización de empresas	Latín II	Mate. Aplicadas II
						Historia Arte	Xeografía
MATERIAS OPTATIVAS		Materia optativa de 1º		Materia optativa de 2º			
		23 períodos lectivos		19 períodos lectivos		21 períodos lectivos	

ANEXO VII

DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS POR BLOQUES

MODALIDADE DE TECNOLOXÍA

		BLOQUE 1	BLOQUE 2		BLOQUE 3	
MATERIAS COMÚNS		Lengua castellana e literatura I	Lingua galega e literatura I		Lingua galega e literatura 2	
		Filosofía I	Lengua castellana e literatura II		Historia	
		Educación Física	Lingua estranxeira I		Filosofía II	
			Relixión/Actividades alternativas		Lingua estranxeira II	
MATERIAS DE MODALIDADE	de 1º	Matemáticas I				
		Física e química				
		Tecnoloxía Industr. I/ Debuxo T. I				
	De 2º		OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN A	OPCIÓN B
			Debuxo Técnico II	Tecnoloxía Indu.II	Matemáticas II	Mecánica/Física
					Física	Electrotecnia
MATERIAS OPTATIVAS		Materia optativa de 1º	Materia optativa de 2º			
		23 períodos lectivos	19 períodos lectivos		21 períodos lectivos	